

Páxina 79

Exercicio 1

As aldeas son localidades pequenas, con casas baixas rodeadas de horas e campos. Teñen poucos habitantes.

As vilas son localidades de tamaño mediano, con casas e edificios de pouca altura e con bastantes habitantes.

Exercicio 2

A poboación rural fórmana os habitantes das aldeas. Traballan en actividades relacionadas coas natureza, como a agricultura, a gandaría e a pesca.

Páxina 81

Exercicio 1

Os edificios adotan ter máis de cinco pisos de altura e son moi variados! As rúas son largas e longas. Cando estas son moi grandes chámanse avenidas.

Páxina 83

Exercicio 1

A poboación é o conxunto de persoas que vive nunha localidade. Os grupos de poboación segundo a súa idade son: a poboación nova, a adulta e a anciá.

Exercicio 3

$350 \text{ habitantes} + 22 \text{ nacementos} + 5 \text{ inmigrantes} = 377$ (os que están, os que nacen e os que chegan, incrementan a poboación).

$377 - 12 \text{ mortos} - 2 \text{ emigrantes} = 363$ (Ao total quitámoslle os que morren e os que se marchan, diminúen a poboación).

O Vilar ten ao final do ano 363 habitantes, 13 persoas máis que ao comezo do ano.

Páxina 87

Exercicio 3

Unha posible resposta podería ser: Os servizos municipais son de todos e é importante que os coidemos entre todos e que os usemos con respecto e sen rompelos. Así moitas persoas poderán gozar deles.

Páxina 89

Exercicio 3 Ideas principais.

- Concello: conxunto de persoas que gobernan o territorio dun municipio.
- Os servizos poden ser culturais e de lecer, de saneamento, de protección, de urbanismo e transporte.
- As decisións tómanse no pleno municipal.
- Un Concello fórmanse nunhas eleccións municipais, onde son elixidos os concelleiros, este elixen entre eles ao alcalde ou alcaldesa.
- Unha cidade é unha localidade grande, moi extensa e con moitos habitantes que traballan principalmente no sector servizos
As zonas da cidade son: o centro histórico, o ensanche e a periferia.
- Unha aldea é unha localidade pequena con poucos habitantes. A vila é unha localidade mediana con bastantes habitantes. Poden atoparse arredor dunha praza, dun camiño, dun porto de mar ou con casas illadas.